



Concello de Baralla

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

1) OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal, en réxime de dereito laboral e a xornada completa, dos seguintes postos de traballo, para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural).

- 2 Peóns.

A contratación está subvencionada pola Consellería de Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

Serán funcións a desempeñar polos/as contratados/as, as que se lles poidan encomendar pola Alcaldía ou polos concelleiros delegados que garden relación co postos a desempeñar, segundo as necesidades dos servizos.

2) MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATOS.-

O modelo de contrato de traballo previsto será necesariamente mediante a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego. A duración do contrato será de nove meses, tendo en conta que os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención (número de expediente TR351G-2025-00000005-02) e de acordo coa orde reguladora da mesma.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, en réxime de dedicación a tempo completo, de luns a domingo, acomodándose tal cumprimento ás necesidades do servizo. Dentro de cada semana desfrutárase de dous días de descanso consecutivo.

3) REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumprida a idade mínima legal e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a





Concello de Baralla

sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Figurar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.

f) Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 2 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007).

4) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. En cumprimento do establecido na Orde Reguladora do 5 de Marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, **poderán presentarse a este proceso selectivo os/as aspirantes preseleccionados logo da presentación, por parte deste Concello, da Oferta na Oficina de Emprego de Becerreá.**

Os interesados estarán inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados debendo estar dispoñibles para o emprego.

En función do establecido no artigo 14 da devandita orde, os traballadores e traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024.IGE).

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar, no día marcado pola Oficina de Emprego para a súa presentación no Concello Baralla, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias cotexadas) obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI e instancia de solicitude (Anexo I destas bases). Na mesma farase constar que se reúnen os requisitos exixidos para tomar parte no concurso.

Neste procedemento non se admitirán as solicitudes dos interesados que non fosen previamente seleccionados pola Oficina de Emprego de Becerreá.

Documentación que debe acompañar á solicitude:

- a) Fotocopia cotexada do DNI.
- b) Documentación que acredite os méritos alegados para a súa valoración.

Forma de acreditación dos méritos:

- a) Violencia de xénero: Mediante presentación de fotocopia cotexada de sentenza xudicial.
- b) Idade: Mediante fotocopia cotexada do DNI.
- c) Parados de Longa duración: Certificado de situación do INEM.





Concello de Baralla

- d) Discapacidade: Certificado de minusvalía ou discapacidade.
- e) Desempregados que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego: Certificado do INEM.
- f) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, perceptores da renda de integración social de Galicia: informe de servicios sociais.
- g) Formación: Mediante presentación de fotocopia cotexada do título acreditativo dos estudos, cursos ou xornadas realizadas.

5) PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-

O sistema de selección será o de concurso oposición, de acordo ao seguinte:

A) FASE DE OPOSICIÓN. Puntuación máxima 6 puntos:

Se fose necesario polo carácter urxente do procedemento selectivo, a fase de oposición e os exercicios da mesma poderán realizarse sen interrupción, nunha mesma xornada, a continuación un do outro.

1. EXERCICIO TEÓRICO. Puntuación máxima 2 puntos.

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con respostas alternativas das que só unha é correcta, baseadas no contido do programa da convocatoria relacionada no ANEXO II, durante un período de 20 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos de elaboración do mesmo.

2. EXERCICIO PRÁCTICO. Puntuación máxima 4 puntos.

Realización dunha proba práctica, a elección do tribunal, relacionada coas funcións a desempeñar no posto de traballo de peón forestal.

B) FASE DE CONCURSO. Puntuación Máxima 4 puntos.

- b.1) Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero: 0,40 puntos.
- b.2) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional: 0,40 puntos.
- b.3) Persoas paradas de longa duración: 0,40 puntos.
- b.4) Persoas con discapacidade: 0,40 puntos.
- b.5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego: 0,40 puntos.
- b.6) Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 0,40 puntos.
- b.7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: 0,40 puntos.
- b.8) Persoas trans: 0,40 puntos.
- b.9) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España: 0,40 puntos.

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores máis o exercicio. De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1º.- Puntuación máis alta do exercicio.
- 2º.- Pola orde dos méritos anteriores.
- 3º.- Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.





Concello de Baralla

1. As presentes bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla, na sede electrónica e na páxina web www.concellobaralla.es.

6) DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN.-

6.1. Tribunal Cualificador:

O Tribunal Cualificador estará constituída por:

Presidente/a.- Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a.- Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais.- Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Por cada membro do tribunal designarase un suplente cos mesmos requisitos e condicións.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla e na súa páxina web (www.concellobaralla.es) así como a lista de admitidos e excluídos e a data e hora do exame.

Na devandita resolución indicárase un prazo de dous días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal, data e hora na que se constituirá e data e hora do exame.

6.2- Sistema de selección e desenvolvemento do proceso:





Concello de Baralla

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso-oposición debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes e a corrección do exame.

Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido no artigo 14 da orde do 5 de Marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, “*Requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras*”.

7) PROPOSTA DE SELECCIÓN.-

O Tribunal Cualificador publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web, a relación de aspirantes ao posto de traballo coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación.

Os aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado ao Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

A selección recaerá nos aspirantes que obteñan maior puntuación. No suposto de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da contratación, o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes, incluídos na lista de reserva.

A lista de reserva estará formada polos restantes aspirantes non seleccionados, que figuraran nesta, por orde de puntuación de maior a menor. Acudirase á mesma para cubrir eventuais vacantes dos postos ofertados durante o período subvencionado que nunca se estenderan mais aló da duración do programa subvencionado.

8) RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

Á vista da proposta do Tribunal Cualificador e constatado que o/a aspirante acreditou os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Alcalde-Presidente resolverá o procedemento selectivo e procederá á formalización do contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

9).- NORMATIVA.-

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ó servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación.

En canto a posibilidade de dirimir as controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos, serán competentes os órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.





Concello de Baralla

10) RECURSOS.-

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Baralla, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla e na súa páxina web, ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro do Concello de Baralla e na súa páxina web, na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

As Baralla, á data da firma ao marxe.
O Alcalde-Presidente

***DOCUMENTO ASINADO Á MARXE DIXITALMENTE**





Concello de Baralla

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O PROGRAMA APROL RURAL 2025: DOUS PEÓNS FORESTAIS

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
DATA DE NACEMENTO	D.N.I.	NACIONALIDADE	
ENDEREZO			
CONCELLO	PROVINCIA	C.P.	TELÉFONO/CORREO ELECTRÓNICO

EXPOÑO

Que sendo coñecedor da convocatoria pública realizada polo Concello de Baralla para a contratación laboral temporal de interese social, a xornada completa, de UN PEON FORESTAL

DECLARA BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- 1.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar nesta proceso selectivo.
- 3.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- 4.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 5.- Non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- 6.- Estar en posesión do permiso de conducir en vigor clase B1
- 7.- Autorizo ao Concello de Baralla para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procesos de selección.

SOLICITA :

Ser admitido nas probas selectivas convocadas para a contratación laboral temporal do/s posto/s antes descrito/s, e declaro que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude e que coñezo e reúno as condicións esixidas nesta convocatoria, referidas á data en que remata o prazo de presentación de instancias.

En Baralla, a de de 2025.
Sinatura,

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o CONCELLO DE BARALLA, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o CONCELLO DE BARALLA, con domicilio social na R Evaristo Correa Calderón nº 48.- 27680.- Baralla.- LUGO. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente.O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o CONCELLO DE BARALLA, calquera modificación que se produza nos datos achegados.





Concello de Baralla

MÉRITOS ALEGADOS

COLECTIVOS CON ESPECIAIS DIFICULTADES DE INSERCIÓN	ACREDITACIÓN
1) Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero	
2) Desempregados menores de 30 anos	
3) Persoas paradas de longa duración	
4) Persoas con discapacidade	
5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito	
6) Desempregados maiores de 45 anos	
7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, beneficiarios da renda de integración social de Galicia	

FORMACIÓN POR ASISTENCIA A CURSOS OU XORNADAS

DENOMINACIÓN	DURACIÓN

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o CONCELLO DE Baralla, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o CONCELLO DE BARALLA, con domicilio social na R/ Evaristo Correa Calderón nº 48.- Baralla.- LUGO. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o CONCELLO DE BARALLA, calquera modificación que se produza nos datos achegados.





Concello de Baralla

ANEXO II. TEMARIO

Tema 1. Concello de Baralla. Termo Municipal. Datos de interese do Municipio (Recursos turísticos, monumentos e historia). Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 2. Manexo e partes das desbrozadoras.

Tema 3. Equipos de protección individual.

